

GRIAL 238 (A.M.X.2023) 1963. O ANO DO PRODIXIO



VARIOS

SINOPSIS

Un triángulo para sostener un país, por Francisco Castro

En 1963 comenzaba a beatlemanía no mundo civilizado. Os anos 60 traíanlle unha nova esperanza ao mundo a través de novas estéticas, palabras urxentes (revolución, feminismo) e moito ruído e moitas melenas. O talo da liberdade medraba ceibo nun mundo que pasaba do branco e negro ao technicolor. Iso acontecía, insisto, no mundo civilizado, onde había democracia e tradición de diálogo, onde había universidades non capadas polo poder totalitario, onde a Igrexa gobernaba só no privado e non no público. Fóra, a modernidade imantaba actitudes de cambio. Aquí rezábase o rosario por decreto.

España era de cor sepia e recendo a sotanas. O pensamento era perseguido e a oficialidade franquista revisaba ata a más insignificante coma dun texto. Moito más se ese texto estaba escrito en galego. Censura e negritude eran comadres e insculpían preguiza, nugalla e quietude nos corazóns más novos. Non era nin tempos de castañas. Como moito, madroñas.

Titulamos este monográfico "1963. O ano do prodixio" por algo. Porque hai que cualificalo como "prodixio" que nacesen, naquel estado de cousas, a Fundación Penzol, a revista GRIAL e o Día das Letras Galegas. Moitas veces dicimos que que nos precederon foron titáns. A imaxe non é esaxerada, porque foron titáns, semideuses, en todo caso, forzas da natureza e do intelecto. Nós témolo moito más doado. Administrámos o seu traballo, traballamos coa súa historia, historiamos o seu prodixio; pero todo é máis fácil. Queixámonos, en realidade, por vicio.

En 1963, consonte o espírito co que se fundara Editorial Galaxia en 1950, aqueles galeguistas botan a andar a Fundación Penzol. Velaí o verdadeiro Arquivo Nacional de Galicia, que non temos nin existe como tal figura, e á que tampouco se lle ven perspectivas de creación; pero podemos afirmar que sería o que más se lle imita: iso é a Fundación Penzol, o arquivo privado máis relevante do noso país, coa súa sede en Vigo, como Editorial Galaxia, mais irradiando con forza dende aque...

Editoriala	EDITORIAL GALAXIA
	S.A.
Gaia	GRIAL
Bilduma	GRIAL
EAN	9789200185984
Baldintza	Dispoñible
Lotura	Tapa blanda
Orrialdeak	160
Neurria	267x183x0 mm.
Weight	1
Price (Tax inc.)	13,50€
Release date	19/07/2023

Related Titles



GRIAL 9 (X.A.S, 1965)
VARIOS



GRIAL 11 (X.F.M, 1966)
VARIOS



GRIAL 12 (A.M.X, 1966)
VARIOS